

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

- 8299** *Real decreto 692/2020, do 21 de xullo, para a adaptación da xestión do canon de ocupación e aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre regulado no artigo 84 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, ás medidas excepcionais adoptadas polas autoridades sanitarias para facer fronte á emerxencia provocada polo Covid-19.*

I

Debido á rapidez na evolución da situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, a escala nacional e internacional, o Goberno, ao abeiro do disposto no artigo 4, letras b) e d), da Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e sitio, declarou, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, o estado de alarma en todo o territorio nacional co fin de afrontar a crise sanitaria, o cal foi prorrogado en seis ocasións, até as 00.00 horas do día 21 de xuño de 2020, nos termos expresados na dita norma.

No momento actual, España iniciou un proceso de redución gradual das medidas extraordinarias de restrición da mobilidade e do contacto social establecidas mediante o citado Real decreto 463/2020, do 14 de marzo. Así, o pasado 28 de abril de 2020 o Consello de Ministros adoptou o Plan para a transición cara a unha nova normalidade, que establece os principais parámetros e instrumentos para a consecución da normalidade.

Neste proceso, na Orde SND/399/2020, do 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade; a Orde SND/414/2020, do 16 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 2 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, e a Orde SND/458/2020, do 30 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 3 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, regulouse paulatinamente o proceso de transición. Así, dun lado, baixo as condicións establecidas, permitiuse o acceso da poboación a certos espazos para o paseo, o deporte, o ocio ou a práctica de turismo activo, e, doutro lado, reábranse paulatinamente ao público os establecementos de hostalaría e restauración.

Así mesmo, o Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, no seu artigo 13 fai referencia ás actividades de hostalaría e restauración, e, para tales efectos, sinalaba que as administracións competentes deberán asegurar que os titulares de bares, restaurantes e demais establecementos de hostalaría e restauración cumpren as normas de capacidade, desinfección, prevención e acondicionamento que se determinen.

II

De acordo coa lexislación vixente, os usos das praias que comportan especiais circunstancias de intensidade, perigosidade ou rendibilidade e os que requiran a execución de obras e instalacións só se poden desenvolver amparados no correspondente título de ocupación, que unicamente poden outorgarse para actividades cuxa natureza exixa a súa localización no dominio público marítimo-terrestre.

Nas praias localízanse establecementos do sector de hostalaría, restauración e servizos de temporada, amparados por concesións ou autorizacións. Co fin de paliar o posible detrimento no rendemento económico daqueles por causa das restricións sanitarias derivadas do COVID-19, este real decreto posibilita a modulación do pagamento do canon de ocupación e aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre nese tipo de establecementos e servizos á situación xerada polas medidas consistentes na prohibición da actividade, as restricións de capacidade e o aumento da distancia entre instalacións, necesarias para facer fronte á crise sanitaria.

III

A Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, establece no seu artigo 84 que toda ocupación ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre estatal en virtude dunha concesión ou autorización, calquera que for a Administración outorgante, devindicará o correspondente canon en favor da Administración do Estado, sen prexuízo dos que sexan exixibles por aquela. O dito precepto foi desenvolvido mediante o Real decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de costas. Así, o capítulo II do título IV do mencionado regulamento articula a regulación do seu cobramento, certos supostos de redución, a súa devindicación e criterios de fixación.

O artigo 6 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, dispón que as taxas son tributos cuxo feito imponible consiste na utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público, a prestación de servizos ou a realización de actividades en réxime de dereito público que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular o obrigado tributario, cando os servizos ou actividades non sexan de solicitude ou recepción voluntaria para os obrigados tributarios ou non os preste ou realice o sector privado.

A Orde do 30 de outubro de 1992 pola que se determina a contía do canon de ocupación e aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre, establecido no artigo 84 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, prevé a devolución do importe do canon que corresponda cando por causas non imputables ao obrigado ao pagamento do canon non teña lugar a ocupación ou o aproveitamento especial do dominio público.

Agora, con este real decreto, en adición ao previsto tanto no Regulamento xeral de costas como na Orde ministerial do ano 1992, preténdese regular a adaptación da xestión do canon de ocupación ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre de que poderán beneficiarse todos aqueles titulares de autorizacións e concesións de servizos de temporada e establecementos expendedores de comidas e bebidas que sufrisen mingua nos beneficios debido á imposición de medidas excepcionais de cesamento de actividade, redución da capacidade ou aumento das distancias entre os elementos das instalacións durante a emerxencia sanitaria provocada polo COVID-19.

Esta normativa busca abordar de maneira eficaz e equitativa os diferentes escenarios en que se poden encontrar os titulares de concesións e autorizacións.

Por todo isto, o obxectivo principal deste real decreto é ofrecer un marco xurídico de vixencia temporal que atenda as especiais circunstancias de ocupación e aproveitamento do dominio público marítimo terrestre e, en consecuencia, estableza a exixencia do pagamento do canon nos xustos termos en que a súa ocupación e aproveitamento poden facerse.

De conformidade co establecido no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este real decreto dítase de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia. En virtude dos principios de necesidade e eficacia, a normativa vixente non recolle as especiais circunstancias de ocupación ou aproveitamento que se presentaron como consecuencia da crise sanitaria. Precísase unha normativa que dea satisfacción ás necesidades actuais. Este real decreto resulta o único medio para a modificación inmediata e puntual do réxime actual. En virtude do principio de proporcionalidade, o contido do presente real decreto pretende dar unha resposta axustada e adecuada aos novos escenarios que se presentan pola crise sanitaria e a existencia de diferentes fases do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. Esta norma

contén a regulación imprescindible para atender as necesidades que se presentan e na cal se garda a proporción entre as restricións que afectan os titulares das concesións e autorizacións e a modulación do canon que se experimenta. Co fin de garantir o principio de seguridade xurídica, a presente regulación reviste a forma de real decreto e fórmulase vinculándoa á vixencia das medidas excepcionais de cesamento de actividade, redución da capacidade ou aumento das distancias entre os elementos das instalacións como consecuencia da emerxencia sanitaria provocada polo COVID-19. En aplicación do principio de transparencia, a presente norma someteuse ao trámite de información pública previsto no artigo 26.6 de Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno. Por último, en aplicación do principio de eficiencia, este real decreto asegura a máxima eficacia na consecución dos seus obxectivos cos menores custos posibles na súa aplicación.

O real decreto dítase en virtude das competencias do Estado establecidas no artigo 149.1 da Constitución española no seu número 18.^a, relativo á lexislación básica sobre concesións administrativas e que actúa como título competencial prevalente. Así mesmo, a regulación do presente real decreto dítase ao abeiro do número 23.^a, relativo á lexislación básica sobre protección do ambiente, así como o número 14.^a, relativo á Facenda xeral.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta cuarta do Goberno e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de xullo de 2020,

DISPOÑO:

Artigo único. Medidas para a adaptación da xestión do canon de ocupación e aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre regulado no artigo 84 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, ás medidas excepcionais adoptadas polas autoridades sanitarias para facer fronte á emerxencia provocada polo COVID-19.

1. Aos titulares de autorizacións e concesións de servizos de tempada en praias e establecementos expendedores de comidas e bebidas que sufrisen mingua nos beneficios debido á imposición de medidas excepcionais de cesamento de actividade, redución da capacidade ou aumento das distancias entre os elementos das instalacións durante a emerxencia sanitaria provocada polo COVID-19 seranlles de aplicación as seguintes medidas:

a) Non aboarán a parte do canon correspondente aos períodos en que se impuxese o cesamento total da actividade.

b) Terán dereito a unha adaptación porcentual do canon equivalente á porcentaxe de limitación da capacidade ou ao número de elementos que se poidan instalar sobre a superficie de dominio público marítimo-terrestre obxecto de título administrativo en relación cos períodos en que os usos a que se refire este número sexan posibles pero estean suxeitos a restricións consistentes na redución da capacidade ou no aumento das distancias entre os seus elementos, logo de solicitude ao Servizo ou Demarcación de Costas correspondente.

2. Por solicitude dos interesados, devolveranse as cantidades xa aboadas en concepto de canon que resulten contrarias ao establecido neste precepto, de acordo co previsto na Orde do 30 de outubro de 1992 pola que se determina a contía do canon de ocupación e aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre, así como os xuros de demora nos termos fixados no artigo 16 do Real decreto 520/2005, do 13 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en materia de revisión en vía administrativa.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase en virtude das competencias do Estado establecidas no artigo 149.1.14.^a da Constitución española, relativo á facenda xeral; o 18.^a, relativo á lexislación

básica sobre concesións administrativas, e o 23.^a, relativo á lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor e vixencia.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

As medidas previstas neste precepto estarán vixentes mentres o estean as medidas excepcionais de cesamento de actividade, redución da capacidade ou aumento das distancias entre os elementos das instalacións adoptadas polas autoridades sanitarias para facer fronte á emerxencia sanitaria provocada polo COVID-19.

Dado en Madrid o 21 de xullo de 2020.

FELIPE R.

A vicepresidenta cuarta do Goberno e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico,
TERESA RIBERA RODRÍGUEZ